

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL PARA A PROMOCIÓN, DINAMIZACIÓN, DIFUSIÓN E COORDINACIÓN DA ESTRATEXIA DE TURISMO DA EURORREXIÓN GALICIA – NORTE DE PORTUGAL

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, D. Nuno Augusto de Castro Azevedo Soares de Almeida, en calidade de director da **Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal (en adiante AECT)**, con domicilio en Rúa Eduardo Cabello s/n, Bouzas (Edificio CETMAR), 36208, Vigo.

As partes que interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que teñen conferidas para conveniar en nome das entidades que representan.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á



que lle corresponde impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Entre os obxectivos básicos establecidos no artigo 2 dos seus Estatutos atópanse a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora da competitividade das empresas turísticas e a mellora do posicionamento do turismo galego no panorama nacional e internacional.

O artigo 9 dos devanditos Estatutos, establece as funcións e competencias que ten atribuídas para acadar os citados obxectivos, entre as que se establece a planificación da política de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma, o desenvolvemento e xestión de plans integrais de turismo, e o aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a AECT ten como obxectivo facilitar e fomentar a cooperación territorial entre os seus membros, a Xunta de Galicia e a CCDR-NORTE, I.P., superando as expectativas en diferentes niveis, onde a súa principal preocupación é a de desenvolver e proporcionar colaboracións, creando así vínculos de unión en diferentes áreas de actuación.

Pretende con iso, promover e valorizar a competitividade do tecido empresarial a través do coñecemento e da innovación, potenciar e racionalizar os equipamentos básicos transfronteirizos e aumentar a cohesión social e institucional da Eurorrexión.

Terceiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, considera de interese xeral para Galicia e especialmente para o sector turístico, unha adecuada divulgación entre a poboación dos Anos Santos Xacobeos, que constitúen para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade.



Así, o Ano Santo Xacobeo 2027 foi declarado un acontecemento excepcional de interese público pola súa gran relevancia non só para o turismo galego, senón para todo o territorio. Compre por tanto iniciar as actuacións para a súa posta en marcha e o seu adecuado desenvolvemento.

O Camiño Portugués xa é a ruta xacobeá que máis medra -a razón dun 9 % anual e dun 42 % na súa variante pola Costa- e cada vez con maior peso internacional, cun 60 % dos peregrinos procedentes doutros países.

Esta ruta interior, xunto coa súa variante pola Costa son o segundo e o terceiro itinerario xacobeo máis transitados -con máis de 139.000 compostelas recollidas no que vai de ano en ambas rutas- e contan con 11 albergues públicos que ofertan preto de 500 prazas.

Cuarto.- Que as dúas partes, que teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar mediante a promoción, dinamización e difusión da Estratexia de Turismo da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, o reforzo das relacións entre as institucións galegas, especialmente a Xunta de Galicia, e as institucións políticas, económicas e culturais portuguesas, intensificar a colaboración e aproximación coas distintas asociacións públicas e privadas, en especial as asociacións portuguesas do Camiño de Santiago, así como cos concellos e entidades rexionais de Galicia e de Portugal e a dinamización de accións conxuntas, turístico-culturais pero tamén nos demais ámbitos entre Galicia e Portugal, así como do fomento e a cooperación e integración entre os actores do sector turístico interrexional.

Quinto.- Que a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía establece que deberán ser promovidas as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego

Sexto.- Concorren, así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrência pública ao ser a AECT á



única entidade que pode desenvolver á actuación subvencionada, por ser o único axente dinamizador e de interconexión para a Eurorrexión.

Polo exposto, e tendo en conta os fins e obxectivos expostos, as dúas partes acordan celebrar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a AECT para a promoción, dinamización, difusión e coordinación da Estratexia de Turismo da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio para os anos 2025 e 2026 ascende a cento noventa e cinco mil euros, **195.000,00 €** (IVE incluído) co seguinte desagregamento:

	2025	2026	TOTAL
CUSTOS DE PERSOAL	90.000	80.000	170.000
OUTROS GASTOS DE FUNCIONAMENTO (equipos informáticos, consumibles, <i>dietas</i> , telecomunicacións, etc.)	15.000	10.000	25.000
TOTAL	105.000 €	90.000 €	195.000 €

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no cadro anterior na contía máxima de **195.000,00 €** € con cargo á



aplicación orzamentaria 04.A2.761A.790, proxecto 2015 0005 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para os anos 2025 e 2026.

O convenio tramítase ao amparo do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, quedando a concesión da subvención sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente nas aplicacións sinaladas a continuación, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia do ano 2025.

As liñas de actuacións que se financiarán serán as seguintes:

- A coordinación da estratexia para o turismo da Eurorrexión.
- A promoción da coordinación e integración de actores do sector turístico interrexional
- A promoción, dinamización e difusión mediática da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal.
- O reforzo das relacións entre as institucións galegas, especialmente a Xunta de Galicia, e as institucións políticas, económicas e culturais portuguesas.
- A colaboración na aproximación das distintas asociacións públicas e privadas, en especial as asociacións portuguesas do Camiño de Santiago, así como cos concellos e entidades rexionais de Galicia e de Portugal.
- A dinamización de accións conxuntas, turístico-culturais entre Galicia e Portugal, así como cos países da lusofonía.

En todo caso, os gastos de persoal aos que se refire o orzamento estimado serán exclusivamente os do persoal propio, ou contratado ao efecto, dedicado especificamente á execución da actividade subvencionada, sen que en ningún caso se financie o gasto do persoal dedicado ao funcionamento ordinario da entidade.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007,



do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2025**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

O IVE é gasto subvencionable de conformidade co disposto no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sempre que non sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade beneficiaria.

Cuarta.- Compromiso das partes.

1. A AECT, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia de Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Levar a cabo as accións obxecto do convenio.
- Xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia e incluír a marca turística de Galicia, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño), en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.



- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade



A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima .- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a AECT para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os/as subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a AECT, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A AECT será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste



convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalguna das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación e pagamento da subvención

1. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, para o que a AECT deberá presentar:

- Informe ou memoria global sobre as actividades realizadas.
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:



- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- b) Facturas, orixinais ou copias compulsadas, correspondentes á execución das actividades obxecto do convenio.
- c) Transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados, orixinal ou copia compulsada, correspondentes á execución do obxecto do convenio.
- d) No caso de ser financiadas as actividades, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co disposto no artigo 28.6 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da de Turismo de Galicia e a marca turística de Galicia.

Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outra parte, a entidade deberá presentar unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario,



establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

2. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e, de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflecta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

3. A Axencia de Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

4. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da AECT dos gastos causados no exercicio 2025 remata o 15 de decembro de 2025. A



esta xustificación poderán imputarse os gastos devindicados dende o 1 de xaneiro de 2025 ata esta data límite. O prazo máximo para presentar a documentación xustificativa dos gastos causados no exercicio 2026 será o 15 de setembro de 2026. A esta xustificación poderán imputarse os gastos devindicados dende o 16 de decembro de 2025 ata esta data límite.

5. Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía establecida na cláusula segunda, sempre que se xustifique a mesma. Así, e de conformidade co disposto no citado artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, só deberá ser reintegrada (ou, no seu caso, minorada a achega da Axencia) unicamente polo importe que supere o custo total da actividade.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levan a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, de conformidade co disposto no artigo 63.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



Coa solicitude de anticipo, a AECT terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a AECT queda exonerada da constitución de garantía.

Décima.- Perda do dereito ao cobramento da subvención.

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo primeira.- Reintegro da subvención



Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo segunda.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes. Respecto da subvención concedida, a Axencia de Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

Décima terceira.- Modificación

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á



modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo cuarta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista nas leis.

Décima quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O convenio, que está suxeito ao disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de



Turismo de Galicia. Aquelas cuestións non solventadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais normativa que sexa de aplicación.

Décimo sexta.- Publicidade e rexistro do convenio. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.



Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Décimo oitava.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo novena.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento na data da súa sinatura dixital.